



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión ordinaria do Pleno do 27 de marzo de 2023

Ás 18.00 horas do día 27 de marzo de 2023, en reunión virtual a través de videoconferencia, iníciase a sesión ordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES

Presidente: D. Abel R. Caballero Álvarez.

Representantes concelleiros/as:

FORNELOS DE MONTES:

Non asiste ningún representante

GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González

D^a. Nuria Lameiro Valverde

MOS

D. Alejandro Figueroa Expósito

PAZOS DE BORBEN

Non asiste ningún representante

REDONDELA:

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D^a. María Castro Abad

D. Daniel Boullosa Martínez

D. Xoan Carlos González Campo

SALCEDA DE CASELAS

D^a. Verónica Tourón Domínguez

SOUTOMAIOR:

Non asiste ningún representante



VIGO:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira
D. Carlos López Font
D^a. Yolanda Aguiar Castro
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a. Elena Espinosa Mangana
D. Abel Fermín Losada Álvarez
D^a. Patricia Rodríguez Calviño
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. María José Caride Estévez
D. Rubén Pérez Correa

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escariz Couso. Da fe do acto o secretario D. José Riesgo Boluda.

Abre a sesión o Presidente, unha vez constatado polo Secretario que existe o quorum suficiente para a súa realización e pásanse a tratar os puntos incluídos na orde do día:

PUNTO 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2022)

Como todas as persoas asistentes teñen á súa disposición unha copia da acta, o Presidente pregunta se hai algunha observación sobre ela. No hai observacións e apróbase por unanimidade a acta do Pleno da Mancomunidade correspondente á sesión extraordinaria do 29 de setembro de 2022.

PUNTO 2. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022.

A información e os documentos relativos a liquidación do orzamento do exercicio 2022 está a disposición de todos os membros do Pleno, aos que se lles enviou tamén o seguinte informe resumido sobre a situación do mesmo:

Información da liquidación do orzamento do exercicio 2022

Por Decreto da Presidencia de 13 de febreiro de 2023, e de conformidade co establecido no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e 90.1 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril foi aprobada a liquidación do exercicio de 2019 da Mancomunidade. A citada liquidación foi remitida ao Servizo de Coordinación coas Facendas Territoriais e a Xefatura Territorial da consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza no prazo correspondente, tal e como establece o artigo 193.5 do TRLRL.



A continuación, detállase a información mais significativa, a modo de resumo:

- Cúmrese coa regra de gasto e o principio de estabilidade orzamentaria.
- Existiu un superávit de 52.215,42 euros.
- Non hai débeda viva.
- O saldo de tesourería a 31/12/2022 é de 1.644.373,89 euros.
- O remanente de tesourería para gastos xerais é de 1.901.558,78 euros, tal como se reflicte no cadro seguinte.

A) Fondos líquidos na Tesourería ó remate do exercicio:		1.644.373,89
B) Debedores pendentes de ingreso ao peche do exercicio:		278.143,30
De orzamento corrente:	44.036,14	
De orzamento pechado:	231.848,32	
Doutras operacións non orzamentarias:	2.258,84	
TOTAL A+B	1.922.517,19
C) Acredores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:		17.477,66
De orzamento corrente:	7.864,94	
De orzamento pechado:	0,00	
Doutras operacións non orzamentarias:	9.612,72	
REMANENTE DE TESOURERÍA (A+B-C)	1.905.039,53
Saldo de dubidoso cobro	0,00	
Exceso de financiamento afectado	3.480,75	
REMANENTES DE TESOURERIA DISPOÑIBLE PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS XERAIS		1.901.558,78

Expón neste punto o Interventor as magnitudes máis importantes:

Interventor: Dáse conta da liquidación do orzamento á Mancomunidade que foi aprobada por Decreto de Alcaldía, coas seguintes magnitudes correspondentes no exercicio anterior no 2022: o resultado do exercicio é de 60.511 € positivo, existe un remanente de Tesourería para gastos xerais de 1.901.000 € e en termos de estabilidade orzamentaria tamén hai un resultado de 52.000 € e non ten ningunha débeda financeira. Polo tanto, estas son as magnitudes fundamentais que hai que destacar.



O Presidente pregunta se hai algunha observación ao respecto. Non hai. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 3. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023.

Antecedentes e proposta que se presenta a votación:

Formado o proxecto de Orzamento da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo correspondente ao exercicio económico 2023, así como as bases de execución e ao cadro de Persoal comprensivo dos postos de traballo, e de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do título VI da Lei 39/1988.

Visto o contido do informe emitido pola Intervención da Mancomunidad con data 15/03/2023, sobre o proxecto de orzamento para 2023.

Visto o informe de Intervención da Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de data 15/03/2023.

E informado favorablemente o devandito proxecto de Orzamento pola Comisión de Economía e Facenda en sesión de data 20/03/2023.

Proponse ao Pleno da Mancomunidad a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento da Mancomunidad para o exercicio económico 2023 e toda a documentación anexa ao mesmo, conforme aos documentos que obran no expediente e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Importe 2023 (euros)
4	Transferencias correntes	229.509,93
	TOTAL	229.509,93

ESTADO DE GASTOS:



CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	Importe 2023 (euros)
1	Gastos de persoal	107.777,54
2	Gastos en bens correntes e servizos	104.707,39
4	Transferencias correntes	15.025,00
6	Investimentos reais	2.000,00
TOTAL		229.509,93

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación.

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal orzamentario comprensivo dos postos de traballo durante o exercicio 2023.

CUARTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

QUINTO.- Considerar definitivamente aprobado o Orzamento e a demais documentación anexa, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións. O acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL.

SEXTO.- Facultar á Presidencia para que realice cantos actos e dite cantas resolucións sexan necesarias en orden á execución do presente acordo.

Debate e votación:

Tendo en conta que todos os membros do Pleno dispoñen da información completa e de todos os documentos que forman o proxecto de orzamento para o exercicio 2023, o Presidente dálle a palabra ao interventor para que explique o máis importante.

Interventor: Nesta ocasión preséntase para a súa aprobación o orzamento correspondente ao exercicio 2023 que, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, ascende a 229.509,93 euros, polo tanto, atópase equilibrado e ten nivelación interna, tanto en termos de operacións correntes como de endebedamento. Polo tanto, atópase en situación de estabilidade orzamentaria. Eu creo que o expediente incorpora documentación dabondo (toda a documentación preceptiva legal), e polo tanto está en condicións de ser aprobado.

Presidente: Moitas grazas. Algunha observación ou pregunta antes de sometelo a votación? (non hai). Sométese a votación a proposta de aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2023.



O Secretario fai o reconto de votos e a proposta presentada neste punto queda aprobada por unanimidade dos votos presentes.

PUNTO 4. DAR CONTA DO INFORMES DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA O EXERCICIO 2023

Dáse conta ao Pleno dos informes emitidos pola Intervención sobre o cumprimento da estabilidade e a regra de gasto:

- Para o orzamento prorrogado do ano 2023, que estará vixente en tanto non se aprobe o proxecto de Orzamento para 2023;
- E, para o proxecto de orzamento do exercicio 2023.

O interventor explica que o 1 de xaneiro de 2023 tivo que prorrogarse o orzamento do exercicio anterior a consecuencia de que non estaba aínda aprobado o orzamento novo. Tanto no orzamento prorrogado como no orzamento que se presenta agora a aprobación, dáse conta que ámbolos dous cumpren o principio de estabilidade orzamentaria, polo que non hai problema nese sentido.

O Presidente pregunta se hai algunha observación neste punto. Non hai. O Pleno da Mancomunidad queda enterado do contido dos devanditos informes de estabilidade do orzamento 2023.

PUNTO 5. DAR CONTA DO DECRETO DE PRESIDENCIA DE APROBACIÓN DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO DA MAIV PARA O PERÍODO 2024-2026

Dáse conta ao Pleno do Decreto da Presidencia de data 13 de marzo de 2023 de aprobación do plan orzamentario previsto para o período 2024-2026, baseado nas tendencias contidas no Informe elaborado pola Intervención da MAIV e que se puxo a disposición de todos os membros do Pleno.

Interventor: A orde do Ministerio de Facenda HAP/2105/2012 incorporou como novidade facer unha previsión plurianual e polo tanto, estamos obrigados tamén a aprobar un plan orzamentario para o período 2024-2026, facendo unha previsión orzamentaria do que van a ser os exercicios futuros e neste sentido, faise unha previsión partindo dos datos da última liquidación aprobada, que é a liquidación da que se dá conta no punto segundo, e a partir de aí, facemos a previsión para os seguintes exercicios, que é aprobado pola Presidencia e que é o que aquí se presenta para dar conta.

O Presidente pregunta se hai algunha observación ao respecto. Non hai. Queda dada conta ao Pleno deste punto.



PUNTO 6. DAR CONTA DOS DATOS TRIMESTRAIS DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES (INFORMES DO 3º E 4º TRIMESTRES 2022)

Dáse conta ao Pleno dos datos trimestrais de morosidade e período medio de pago dos seguintes períodos:

- 3º trimestre 2022
- 4º trimestre 2022

que corresponden aos últimos trimestres presentados dende a última sesión plenaria da MAIV.

Interventor: Todas as obrigas de pago que ten a Mancomunidad foron pagadas en prazo e, como resumo xeral, podemos dicir que no terceiro trimestre do ano 2022, o período medio de pago foi de 18,74 días e no derradeiro trimestre do ano pasado, o período medio de pago foi de 19,56. Cúmprese sobradamente co requirido na normativa vixente.

Pregunta o presidente se hai algunha pregunta. Non hai ningunha observación por parte dos asistentes. Queda dada conta ao Pleno.

PUNTO 7. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2023, 2/2023 E 3/2023.

Dáse conta ao Pleno dos seguintes expedientes de modificación de créditos:

Expediente nº 1/2023, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para financiar parte dos custos laborais do **Axente de Emprego e Desenvolvemento local** para a anualidade 2023. O importe é de **10.882,03 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 2/2023, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para os gastos salariais derivados da **contratación** durante parte do ano 2023 (ata 31/03/2023) **dunha persoa perceptora de RISGA para o servizo denominado “Apoio ás labores administrativas da MAIV (RISGA 2022)”**. O importe é de **3.480,75 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Expediente nº 3/2023, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Obradoiro de Emprego Dual (coa denominación de **OE MAIV DUAL 2022**) para os gastos do persoal contratado e do funcionamento do proxecto durante a anualidade do 2023. O importe é de **298.251,15 euros**, coa característica de gasto con financiamento afectado.

Explica o Interventor que no que vai do presente exercicio, fixéronse tres modificacións orzamentarias, todas elas baixo a modalidade de xeración de crédito, como consecuencia da obtención de tres subvencións de programas de fomento do emprego da Xunta de Galicia: a primeira delas para asumir os custos de contratación dun Axente de Desenvolvemento Local, o segundo expediente foi como



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

consecuencia de recibir unha subvención para a contratación dunha persoa perceptora de RISGA e o terceiro e máis importante, para asumir os custos da posta en marcha dun Obradoiro de Emprego, para a mellora da formación e o emprego de persoas desempregadas.

O Presidente agradece a explicación e pregunta se hai algunha observación. Non hai observacións ao respecto. Queda dada conta deste punto.

PUNTO 8. ROGOS E PREGUNTAS

O Presidente abre o turno de rogos e preguntas, invitando a que se hai algunha persoa que desexe intervir pida a palabra.

Pide a palabra Xoan Carlos González Campo, concelleiro do Concello de Redondela.

Xoan Carlos González Campo: Boa tarde, non é sobre a situación económica da Mancomunidad. Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que hai que facer investimentos na creación de emprego relacionado, sobre todo coa silvicultura, coa conservación dos montes, etc. e entendemos que concellos como Fornelos de Montes e Pazos de Borbén deberían ser os puntos clave nos que se debería desenvolver algún tipo de obradoiro de emprego relacionado coa silvicultura e esa é a proposta que dende o BNG queremos plantexar aquí neste pleno.

Presidente: Ben, tomamos nota e estudarémolo porque iso tería que pasar por este Pleno. Non é unha idea rexeitable, en absoluto, polo tanto vámolos estudar e vamos a tomar decisións, se vos parece. Algunha outra cuestión?

Non hai máis rogos nin preguntas.

E non habendo máis cuestións, dáse por rematada a sesión ás 18.13 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica
O SECRETARIO DA MAIV
José Riesgo Boluda

Vº e pr.
O PRESIDENTE
Abel Caballero Alvarez

